

Auga vai!



Auga vai!

O primitivo Madrid do cal aínda conservamos bastantes restos, era unha serie de estreitas rúas, de trazado tortuoso, ao estilo musulmán, que teñía por finalidade contrarrestar os efectos da calor do sol e os elementos atmosféricos. Construído sobre un outeiro, as rúas eran en pendente, sen pavimentación algunha, o que producía grandes lameiras cando chovía e unha espesa capa de po en época seca. O réxime de choivas debeu ser máis intenso que o actual, debido a que o primitivo Madrid, estaba rodeado por bosques e praderías por todas partes como os Montes do Pardo, a Casa de Campo e outros. Había moito máis árbores que na actualidade. O camiñar por aquelas rúas tortuosas e empinadas debía ser un exercicio ximnástico constante.

Así debía ser na maioría das poboacións, edificadas sobre outeiros, moitas veces ao redor dun castelo.

O paso persistente de cabalerías durante a época seca debía levantar po en tal cantidade, que a atmosfera facíase irrespirable. Os excrementos de animais, asnos, cabalos, mulas, cans e porcós e as verteduras ou residuos que se lanzaban polas fiestras, seguramente producían un cheiro e aspecto das rúas bastante desagradable. A auga de choiva e os residuos humanos e animais mesturados co barro debían de correr cara as partas máis baixas da cidade de maneira que conto máis baixo nos situásemos, o estancamento de augas negras e lameiras debía de producir unha extraordinaria pestilencia.

O Madrid medieval debeu ser todo menos unha cidade limpa e hixiénica. As ratas debían reproducirse en grandes cantidades. Os mosquitos e as moscas debían atopar excelente pábulo nutritivo para a súa multiplicación e supervivencia. Todo iso unido á ausencia de alumado nas rúas, salvo o débil reflexo dos candís a través das estreitas fiestras completan a escena nocturna. A presenza de oviños de parásitos intestinais deberon ser moi frecuentes naquelas épocas. O costume da época era de ao berro de “¡Auga vai!” lanzar pola ventá os desperdicios e que moitas veces caían sobre o desprevido viandante. Para evitalo, os tendeiros tiñan o costume de colocar sobre os seus negocios unha manta a xeito de toldo que recollía en parte tales desperdicios ou inconfesables inmundicias. Cando os Reis Católicos entraron en Madrid, debía ser tan insoportable o cheiro e a presenza de lixos nas rúas, que nada menos que naquel medievo tardío teñen que dar ordes severas de higienizar a cidade, ordes que como de costume eran acatadas pero non cumpridas.

Hai noticia de que comezan a imporse sancións aos que lanzaban inmundicias polas fiestras, pero isto non chega ata 1530.

No Madrid medieval, os porcós deambulaban polas rúas buscando canto servise para a súa alimentación. Esta escena ata hai pouco aínda podía presenciarse en moitos pequenos pobos.

COMPRESIÓN DO TEXTO

1. Como era o Madrid primitivo?
2. Sobre que formas de relevo estaba construído?
3. Que facía que Madrid non fose unha cidade limpa?
4. Cando berraban “Auga vai!”?
5. Que fixeron os tendeiros para contrarrestar os efectos do “Auga vai!”?
6. Como atoparon a cidade (aínda non era a capital) os Reis Católicos?
7. Cando se empezaron a poner sancións aos que lanzaban inmundicias polas fiestras?
8. Quen deambulaba polo Madrid medieval?